

**DECRETO NÚMERO 19008533 DO 08/10/2019**

**Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que polo Decreto número 19005554, de 24 de xuño de 2019, se resolveu convocar o proceso selectivo para o procedemento especial de acceso de 4 axentes de mobilidade do Concello de Lugo (persoal funcionario contemplado no artigo 53.3 da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, para o exercicio exclusivo das funcións establecidas na letra b) do apartado 1 do citado artigo), a 4 prazas de categoría de POLICÍA do corpo de policía local de Lugo, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2016, de 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación, na Orde do 7 de febreiro de 2019, pola que se desenvolve a disposición adicional segunda da Lei 9/2016, de 8 de xullo, que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 5/373 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 11.6.2019.

O antedito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 166, de 20 de xullo de 2019, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 148, de 6 de agosto de 2019.

O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 200, de 21 de agosto de 2019.

Por Decreto número 19007280 do 30/08/2019 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 19005554, do 24 de xuño de 2019 e facer público que, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 17 de xullo, no que se nomeou aos membros do tribunal cualificador para o procedemento especial de acceso de 4 axentes de mobilidade do Concello de Lugo a 4 prazas de categoría de POLICÍA do corpo de policía local de Lugo. Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 214, de 17 de setembro de 2019.

Visto que o 1 de outubro de 2019 rematou o prazo de presentación de emendas, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684, ditado o 1/07/2019 e modificado polo Decreto número 19005695, ditado o 3/07/2019 **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 19005554, do 24 de xuño de 2019, mediante o proceso selectivo para o

## PERSOAL

MLP/egp

Refª: 1570535188347.doc

Asunto: publicación lista definitiva admitidos/excluídos

procedemento especial de acceso de 4 axentes de mobilidade do Concello de Lugo (persoal funcionario contemplado no artigo 53.3 da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, para o exercicio exclusivo das funcións establecidas na letra b) do apartado 1 do citado artigo), a 4 prazas de categoría de POLICÍA do corpo de policía local de Lugo, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2016, de 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación, na Orde do 7 de febreiro de 2019, pola que se desenvolve a disposición adicional segunda da Lei 9/2016, de 8 de xullo, que a continuación se indica:

### ADMITIDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI
BARREIRO BROZ, ESTRELLA MARÍA	XXX245Z
FERNANDEZ CASTRO, FLORENTINA	XXX617T
LAMELA RODRIGUEZ ESTEFANÍA PENÉLOPE	XXX142S
SALGADO VAZQUEZ LUIS MIGUEL	XXX152Y

### EXCLUÍDOS/AS

#### NON HAI

**Segundo.-** Fixar a data, hora e lugar de celebración das reunións do tribunal cualificador do seguinte xeito:

- Constitución do Tribunal e baremación da fase de concurso: o luns 14 de outubro de 2019, ás 10 horas, no Edificio de Novas Tecnoloxías, sito na Praza Anxo Fernández Gómez, 4.

- Realización do primeiro exercicio (probas físicas): o xoves 17 de outubro de 2019, ás 10 horas, nas pistas municipais Gregorio Pérez Rivero, sitas no complexo as Pedreiras, Avenida Filarmónica Lucense, s/n, Lugo.

As/os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

**Terceiro.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.



Concello de Lugo

**PERSOAL**

MLP/egp

Refª: 1570535188347.doc

Asunto: publicación lista definitiva admitidos/excluídos

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.



**MURALLA**  
patrimonio da humanidade

Código Seguro de Verificación: a+FpREdLFaCpbv/xWaBEzg==